

# PROGRAMA DE RADIO

## “O PUÑO E A LETRA”

### MÚSICA 1

TOMÁS                    Dicia Fellini, o director de cine, que o cómic é o cine dos pobres. Porque, con moi poucos recursos, podemos contar o mesmo e dunha maneira moi semellante: planos cinematográficos, personaxes, secuencias, guión, silencios...

Hoxe, na Voz da Mata, comezamos unha aventura. Botamos a andar o primeiro, e non último, programa de radio do noso CLUB DE CÓMIC chamado “O PUÑO E A LETRA”. Ten este nome en ao libro que a poeta Yolanda Castaño fixo de poesía e banda deseñada cun número enorme de debuxantes de Galicia, combinando a poesía e cadriños. Eu son Tomás, e comigo están hoxe tres colaboradoras de luxon, que nos van levar da man por unha das obras en cómic máis fascinantes do panorama europeo. COMEZAMOS!

### MÚSICA 2

TOMÁS                    Teño á miña dereita a Sabela Adrover. Ola, Sabela.

SABELA A.

TOMÁS                    En fronte está Sabela Rodríguez. Ola, Sabela.

SABELA R.

TOMÁS                    E á miña esquerda Danae. Ola, Danae, que tal?

DANAE

TOMÁS                    As tres son alumnas de 3º de ESO B, e as tres son grandes debuxantes. E despois de preparar con elas este programa, podo dicir tamén que son grandes expertas na lectura do cómic.

Hoxe imos falar dunha obra moi, moi especial. Trátase dunha serie, e chámase BLACKSAD. Sabela, cóntanos un pouquiño desta obra mestra.

SABELA A.

TOMÁS

Xenial. Grazas, Sabela. Ben, teño que confesar que nesta mesa estamos xente de moito falar, a que si? Pois propóñovos que falemos, pero de Blacksad. Que vos parece se vos disparo preguntas sobre o libro? Xa sabedes, sen facer demasiado spoiler.

A primeira vai para Danae. Por que animais?

DANAE:

TOMÁS:

Estupendo. Imos agora con Sabela Rodríguez. Sabela, ti es increíblemente observadora. Incluso en obras deste nivel, que parecen perfectas, ti fuches quen de detectar algún erro. Cántanos. Onde está?

SABELA R.

TOMÁS

E agora unha pregunta para Sabela Adrover. Sabela, ti debuxas de marabilla, e dánseche especialmente ben os personaxes. Cal é o teu favorito nesta entrega?

TOMÁS

Unha cousiña máis. Na reunión de preparación falabas algo da condensación dos personaxes, unha teoría túa moi interesante. Poderías explicala?

SABELA A.

TOMÁS

Bueno, bueno, dá gusto ler cómic con observadoras coma vós. Agora outra para Danae. Que estilo de música asociarías coa obra, e por que?

DANAE

TOMÁS

Vale. Agora imos facer un pequeno xogo, e convidamos á audiencia a facer o mesmo dende as súas casas. Xa que Blacksad, no fondo, é un estudo da psicoloxía humana a través da enorme variedade animal, vouvos mencionar rasgos de carácter, e vós ides dicir que animal escolleríades para representalo. Estadades preparadas? Pois veña:

A ELEGANCIA / A NOBREZA / A FRIALDADE E FALTA DE  
ESCRÚPULOS / A ASTUCIA

Estupendo! E agora vouvos dicir profesións ou ocupacións, e vós, de novo, dicides o animal que mellor as representaría. Aí vai:

UN PIRÓMANO / UN SICARIO / UNHA CAMARERA MOI  
NOXENTA / UNHA ESCRITORA / UN CIENTÍFICO TOLO / UN  
BOMBEIRO

Bueno, bueno, con esta galería de personaxes xa temos material para outro cómic. Ben, pois imos chegando ao final do programa, pero para despedirnos, vouvos pedir o último esforzo. Sei que a obra vos enganhou, e teño que confesar que a min tamén, e moito. Se vos pido que resumades nunha soa palabra a sensación que vos deixou tras a súa lectura...?

TODAS

TOMÁS

Pois con estas tres palabras nos quedamos, e convidamos á xente a adentrarse no mundo do gato detective, que non decepciona. Grazas, Sabela A, Sabela R e Danae, polo voso talento e a vosa mirada intelixente e sensible. Grazas á audiencia que nos escoita e, xa sabedes, vémonos nos cadriños!!!!!!!!!!!!!!

**MÚSICA 3**